

## CIRCULAR

### **Ordenación do procedemento de eleccións sindicais para a constitución das xuntas de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde – 2023**

A negociación colectiva das condicións de traballo do persoal estatutario dos servizos de saúde efectúase mediante a capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais na Constitución e na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical (LOLS, no sucesivo).

Tal como dispón o artigo 79 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, en cada un destes organismos constitúese unha mesa sectorial de negociación, integrada polas persoas representantes da respectiva Administración sanitaria e das organizacións sindicais máis representativas no nivel estatal e da comunidade autónoma, así como como as que obtivesen o 10 por cento ou máis dos representantes na eleccións para delegados/as e xuntas de persoal no correspondente servizo de saúde.

A regulación dos procesos electorais dos órganos de representación nas Administracións públicas vén configurada polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP); os artigos vixentes da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas -consonte a disposición transitoria 5ª do propio TREBEP-; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG, no sucesivo) -no que sexa de aplicación a este organismo- e o Real Decreto 1846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria no ámbito autonómico de acordo co seu artigo 1.5.

A devandita regulación abrangue os procesos electorais dos órganos de representación colectiva das institucións sanitarias: delegados/as de persoal e, en particular no caso do Servizo Galego de Saúde (Sergas, no sucesivo), xuntas de persoal. Á súa vez, o resultado destes procesos, en función da porcentaxe de representación obtida nas eleccións por cada organización, coalición ou agrupación electoral, reflectirá a composición da Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas, habilitada normativamente para a negociación colectiva e a participación na determinación das condicións de traballo deste persoal.

O 14 de novembro de 2022 as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSI-F, SATSE e UGT, na súa condición de máis representativas no sector sanitario público autonómico (nos termos da LOLS) e integrantes tamén da Mesa Sectorial de negociación do persoal do Sergas, asinaron o *Acordo sindical para o establecemento do calendario de eleccións sindicais no ámbito territorial e funcional das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia*; iniciando deste xeito o proceso de promoción de eleccións para a configuración das xuntas de persoal e deste organismo correspondente ao ano 2023.

Neste sentido, e conforme o dito documento, ratificado na comisión central consultiva do proceso electoral constituída o pasado 21 de decembro, as organizacións asinantes adoptaron o compromiso de realizar a promoción nas distintas circunscricións dentro dos prazos establecidos no calendario consensuado por estas. En consecuencia, e tras a promoción das eleccións que realizarán de xeito coordinado e de acordo coa normativa aplicable, o proceso iniciarase o 20 de marzo de 2023 coa constitución das mesas electorais, e finalizará o 11 de maio de 2023, data das votacións.

Á súa vez, ao abeiro do artigo 155 da LEPG e logo do correspondente proceso de negociación no seo da Mesa Sectorial, a Administración sanitaria e as ditas organizacións acordaron establecer as unidades electorais de referencia para a configuración das xuntas de persoal resultantes.



En atención ao exposto, cómpre organizar e ordenar o procedemento de acordo coa regulación citada e a normativa electoral xeral, coas adaptacións precisas por mor das características das institucións sanitarias e o seu persoal.

Polo que esta Dirección Xeral de Recursos Humanos, no exercicio das facultades atribuídas no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 208, do 31.10.2019) e na Orde do 22 de abril de 2020 de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. (DOG núm. 82, do 29 de abril), emite a presente circular dirixida ás direccións de recursos humanos das áreas sanitarias, coas seguintes

## INSTRUCCIÓNS

### Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

#### 1.- Circunscricións

O desenvolvemento do proceso electoral para a designación dos delegados/as e xuntas de persoal das institucións sanitarias do Servizo correspondente ao ano 2023, regulado nestas instrucións, comprende as seguintes circunscricións ou unidades electorais:

##### Unidade electoral 1:

- \* Distrito sanitario da Coruña. Por centros, abrangue o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e os centros de atención primaria do distrito.
- \* Distrito sanitario de Cee. Inclúe o Hospital comarcal Virxe da Xunqueira e os centros de atención primaria pertencentes ao distrito.



### Unidade electoral 2:

- \* Distrito sanitario de Santiago de Compostela. Comprende o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e os centros de atención primaria situados no distrito.
- \* Distrito sanitario da Barbanza. Inclúe o Hospital comarcal da Barbanza e os centros de atención primaria do distrito.

### Unidade electoral 3:

- \* Distrito sanitario de Ferrol. Abrangue o Complexo Hospitalario Universitario Arquitecto Marcide – Profesor Novoa Santos e os centros de atención primaria do distrito sanitario.

### Unidade electoral 4:

- \* Distrito sanitario de Lugo. Atinxe o Complexo Hospitalario e os centros de atención primaria do distrito de Lugo.

### Unidade electoral 5:

- \* Distrito sanitario da Mariña. Comprende o Hospital da Mariña e os centros de atención primaria pertencentes ao devandito distrito.

### Unidade electoral 6:

- \* Distrito sanitario de Monforte de Lemos. Abrangue o Hospital de Monforte e os centros de atención primaria do distrito.

### Unidade electoral 7:

- \* Distrito sanitario de Ourense. Inclúe o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e os centros de atención primaria radicados no distrito.
- \* Distrito sanitario de Verín. Comprende o Hospital comarcal de Verín e os centros de atención primaria pertencentes ao distrito.



### Unidade electoral 8:

\* Distrito sanitario do Barco de Valdeorras. Abrangue o Hospital de Valdeorras e os centros de atención primaria do distrito.

### Unidade electoral 9:

\* Distrito sanitario de Pontevedra. Atinxe o Complexo Hospitalario de Pontevedra e os centros de atención primaria radicados no distrito.

### Unidade electoral 10:

\* Distrito sanitario do Salnés. Inclúe o Hospital do Salnés e os centros de atención primaria do distrito.

### Unidade electoral 11:

\* Distrito sanitario de Vigo. Comprende o Complexo Hospitalario Universitario e os centros de atención primaria do distrito de Vigo.

Calquera incidencia relevante que se prevexa ou xurda nas ditas unidades e centros pola aplicación desta circular deberá ser comunicada por escrito, de xeito inmediato, á Subdirección Xeral de Políticas de Persoal, pertencente a este órgano directivo.

## **2.- Seguimento do proceso electoral**

### **2.1.- Comisión central consultiva**

O 21 de decembro de 2022 constituíuse unha comisión central de carácter consultivo para coordinar o proceso electoral e abordar o tratamento, interpretación e decisión das cuestións de carácter xeral relativas ao desenvolvemento do proceso, composta por representantes da Administración sanitaria e das organizacións asinantes do acordo de promoción das eleccións sindicais.



A Subdirección Xeral de Políticas de Persoal representa a esta dirección xeral na citada comisión, que ten a súa sede nos servizos centrais do Sergas.

## 2.2.- Grupos de traballo

En cada unidade electoral constituirase un grupo de traballo de carácter consultivo, que terá vixencia ata a constitución das mesas electorais.

Os grupos de traballo conformaranse pola Administración de cada área sanitaria e polos representantes que designen as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial ou na respectiva unidade (pertencentes á xunta de persoal), así como aqueloutros sindicatos con capacidade para promover eleccións nesa unidade e que soliciten a súa participación.

Os grupos de traballo constituiranse a partir da recepción destas instrucións, logo da convocatoria que, a tal efecto, realice a área sanitaria por medio da persoa coordinadora da unidade, quen deberá citar as persoas coordinadoras de centro e a unha persoa representante por cada unha daquelas organizacións.

Os grupos de traballo tratarán de todas as cuestións previas á constitución das mesas electorais o 20 de marzo de 2023. En concreto, prepararán as propostas para as ditas mesas sobre o seu número e distribución, constitución (tanto da mesa coordinadora como das mesas parciais), identificación das e dos seus membros (que, en calidade de tales, teñen que ser convocados/as) e utilización adecuada dos modelos oficiais do proceso.

Na procura dunha actuación coordinada, os grupos de traballo emitirán unha acta das xuntanzas sostidas, con indicación expresa das materias relacionadas no parágrafo anterior. As ditas actas, que estarán asinadas pola totalidade dos e das seus integrantes, remitiranse á comisión central consultiva, a que, de ser o caso, poderá proporlle á



Dirección Xeral de Recursos Humanos que adopte as medidas oportunas sobre o proceso electoral antes da constitución das mesas.

Con anterioridade suficiente ao día da constitución das mesas electorais (luns 20 de marzo), as persoas representantes da Administración da área sanitaria prepararán para a súa remisión ás mesas coordinadoras unha relación -a xeito de censo provisionalísimo- do respectivo persoal, xerado de xeito centralizado conforme os criterios establecidos na guía elaborada ao dito fin.

A partir dese censo provisionalísimo coñecerase a listaxe de electores/as de cada unha das mesas parciais -cos datos de antigüidade e idade de cada integrante-, necesaria para determinar as e os membros que deben ser titulares e suplentes nas respectivas mesas e poder constituír estas adecuadamente.

Os grupos de traballo disolveranse cando se constituán as mesas electorais, que asumirán as funcións previstas na normativa de aplicación.

### 3.- Actuación da representación da Administración

O persoal directivo das áreas sanitarias xestionará coas persoas representantes das organizacións sindicais correspondentes todo canto afecte á boa marcha do proceso.

- Coordinador/a de unidade electoral: Encargarase da coordinación con todos os centros pertencentes a aquela e da información cos servizos centrais.
- Coordinador/a de centro: cada área sanitaria poderá designar unha persoa representante por institución sanitaria, que se encargará da coordinación e da información coa persoa coordinadora de unidade e as mesas electorais. Esta persoa coordinadora formará parte do grupo de traballo citado no punto 2.2 anterior.



Os datos persoais e profesionais, número de teléfono e enderezo de correo electrónico das persoas coordinadoras comunicaranse por correo electrónico á Subdirección Xeral de Políticas de Persoal.

A mesa coordinadora de cada unidade electoral constituirase e terá a súa sede no centro sanitario de maior tamaño desa unidade ou ben no centro que se decida por razóns de operatividade. Neste habilitaranse fórmulas para facilitar a recepción de documentos fóra dos horarios habituais do rexistro.

- As persoas representantes da Administración prestarán colaboración técnica e material no proceso (asesoramento técnico á formulación de consultas, cobertura de documentos e resolución de reclamacións), sempre a solicitude das presidencias das mesas, dentro da máis estrita neutralidade e baixo a premisa de que a responsabilidade das decisións que adopten as mesas corresponde a estas.
- Os órganos directivos da área sanitaria proverán todos os medios materiais e persoais necesarios e razoables para o desenvolvemento do proceso electoral. En particular, facilitarán aos e ás compoñentes das mesas o acceso ao local habilitado para o cumprimento das súas funcións, ao mobiliario e ao material de oficina necesario para o seu normal funcionamento. Así mesmo, se a presidencia da mesa o solicita, porase á disposición da mesa un profesional con funcións de apoio administrativo ás súas tarefas.

Deberá encargarse a confección **por duplicado** dun selo para a mesa coordinadora, no que figure a inscrición *"Mesa coordinadora da unidade electoral ..."* (a que corresponda), que se porá seguidamente á disposición da presidencia da dita mesa.

Toda a documentación que conteña datos de carácter persoal deberá ser manexada con pleno respecto á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.





A representación da Administración será a encargada de facilitar ás mesas e á representación sindicais os censos en soporte papel cando así o soliciten.

#### 4.- Modelos normalizados

a) Os modelos normalizados relativos ao proceso electoral obteranse por cada persoa coordinadora, directamente e coa antelación suficiente para que as mesas dispoñan deles no momento da súa constitución, a través da páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a ruta: *Relacións Laborais* → *Eleccións sindicais* → *Modelos de eleccións a representantes de funcionarios*.

Pódese acceder directamente aos modelos no seguinte enderezo:

<https://empregoigualdade.xunta.gal/relacions-laborais/elecciones-sindicais/modelos-representantes-persoas-funcionarias>

b) As papeletas das candidaturas imprimíranse e serán distribuídas aos centros pola empresa que se designe no preceptivo expediente de contratación administrativa, que tramitarán os servizos centrais do organismo.

A persoa responsable desta parte do proceso será a que exerza a presidencia da mesa coordinadora da unidade electoral, que estará asistida en todo momento pola persoa representante da Administración. Esta facilitarlle todos os medios materiais e humanos necesarios para que, baixo ningún concepto, se produzan atrasos na impresión das papeletas, ao resultar imprescindible que as persoas electoras dispoñan destas no momento da votación ou mesmo con anterioridade á data de exercitar o voto por correo.

Este parágrafo deberá poñerse en relación coa instrución Cuarta (*Candidaturas*), apartados 1 (*Presentación*) e 2 (*Proclamación*) desta circular, así como nas indicacións que se emitirán ao respecto.



c) Medios informáticos: As mesas electorais, a través de cadanseu/súa coordinador/a, terán á súa disposición os ordenadores e dispositivos informáticos precisos para a impresión dos modelos oficiais.

## Segunda.- Mesas electorais

**1.- Número e distribución** (nos termos do artigo 25.1, primeiro parágrafo da Lei 9/1987, e do artigo 9 do RD 1846/1994)

Os sindicatos con capacidade para promover eleccións en cada unidade electoral poderán, por maioría, acordar o número e a distribución das distintas mesas electorais. Este acordo adoptarase no seo dos grupos de traballo aos que se fai referencia no apartado 2.2 da instrución primeira desta circular.

Polo demais, estarase ao contido dos artigos citados neste punto.

**2.- Composición** (art. 25.2 da Lei 9/1987 e arts. 10 e 11.2 do RD 1846/1994)

A mesa coordinadora estará formada polo/a presidente/a, que será a persoa electora co vínculo máis antigo, e dous vogais, que serán as persoas electoras de maior e menor idade no censo correspondente á mesa, actuando a de menor idade como secretaria.

Os e as presidentes e vogais das demais mesas electorais serán as de máis antigüidade, maior e menor idade de entre as persoas electoras incluídos no censo de cada unha delas e nomearase tamén como secretaria a de menor idade entre os vogais.

Designaranse como suplentes dos e das membros titulares das ditas mesas as persoas electores que, á súa vez, sigan aos e ás ditas titulares na orde indicada de antigüidade ou idade.



Os cargos de presidente/a, vocal e secretario/a da Mesa electoral son **irrenunciables**. Se calquera das persoas designadas estivese imposibilitado para o desenvolvemento do seu cargo, deberá comunicalo ao órgano xestor de persoal da área sanitaria antes da data determinada para a constitución das mesas e coa antelación suficiente para poder substituílo por unha persoa suplente.

### 3.- Constitución (art. 26.1 da Lei 9/1987 e art. 11 do RD 1846/1994)

As mesas constituiranse formalmente mediante acta outorgada ao efecto no modelo oficial correspondente, o día 20 de marzo de 2023, data de inicio do proceso electoral.

A constitución de todas as mesas da unidade electoral terá lugar simultaneamente. Deste xeito, a persoa coordinadora de unidade electoral, xunto coas coordinadoras de centro, determinarán o local adecuado para o desenvolvemento do dito acto (preferentemente, nunha institución sanitaria da unidade electoral) á hora fixada no calendario electoral, as 10:00 horas.

Á súa vez, cada persoa coordinadora deberá convocar a reunión os e as compoñentes da mesa ou mesas -titulares e suplentes- que se establezan no seu centro.

Concluída a sesión constitutiva, a secretaría de cada mesa levantará unha acta na que tamén se consignarán, de ser o caso, as incidencias e observacións que se consideren oportunas.

Asinada a acta de constitución pola totalidade de membros presentes -titulares e suplentes-, o orixinal quedará baixo a custodia da presidencia de cada mesa, que a entregará, xunto co resto da documentación, á respectiva mesa electoral coordinadora. Será esta última a encargada de remitir as actas de constitución de todas as mesas, así como a acta global de escrutinio, á Oficina Pública de Rexistro.



No suposto de que algunha organización sindical ou coalición de funcionarios/as que presente candidatura solicite unha copia da acta de constitución da mesa electoral, a presidencia desta facilitaralla.

#### **4.- Funcións** (art. 25.3 da Lei 9/1987 e art. 12.1 e 2 do RD 1846/1994)

Unha vez constituídas as mesas electorais coordinadoras e parciais na data indicada, exercerán as funcións enumeradas nos artigos citados nesta epígrafe.

Para a determinación do número de representantes a elixir estarase ao artigo 39 do TREBEP, que establece a seguinte escala para fixar o número de compoñentes das xuntas de persoal de cada unidade electoral:

- De 50 a 100 funcionarios/as: 5.
- De 101 a 250 funcionarios/as: 9.
- De 251 a 500 funcionarios/as: 13.
- De 501 a 750 funcionarios/as: 17.
- De 751 a 1.000 funcionarios/as: 21.
- De 1.001 en adiante, dous por cada 1000 ou fracción, cun máximo de 75.

A votación só poderá suspenderse, ou interromperse o seu desenvolvemento, por causa de forza maior baixo a responsabilidade das mesas electorais.

#### **Terceira.- Elaboración dos censos**

A representación da Administración remitirá os censos ás mesas coordinadoras. Estes deberán conter o nome, dous apelidos, sexo, data de nacemento, Documento Nacional de Identidade e antigüidade de todo o persoal da unidade electoral, con indicación da súa condición de elector/a e elixible.



## 1.- Listas de electores/as e elixibles (art. 16 da Lei 9/1987 e art. 14 do RD 1846/1994)

A mesa electoral coordinadora confeccionará a lista de electores/as e elixibles (de acordo cos artigos citados nesta epígrafe) cos medios que lle facilite a Administración. A tal fin, o luns 20 de marzo a área sanitaria entregarlle o censo provisional.

As listaxes provisionais de electores/as en servizo activo incluírán todo o persoal que se encontre na situación de servizo activo ou situacións asimiladas na data da súa publicación e que, a maiores, se prevexa que continúe en activo na data da votación.

As listas de elixibles incluírán o mesmo persoal que figura na listaxe de electores/as coa excepción daquel que ocupe postos directivos.

Estas listas provisionais publicaranse no espazo dedicado a tal fin na Intranet das distintas áreas sanitarias, durante o prazo establecido no calendario electoral, isto é, do luns 20 de marzo ao martes 28 de marzo de 2023, sen prexuízo da dispoñibilidade de copias en formato impreso no centro de referencia de cada unidade electoral.

Unha vez que se aprobe o censo definitivo de electores/as e elixibles, o xoves 30 de marzo de 2023, as mesas coordinadoras determinarán o número de representantes que se elixirán en cada unidade.

A representación da Administración facilitará ás mesas coordinadoras, coa necesaria antelación, un número suficiente de copias do censo definitivo para que a presidencia expida a certificación da súa autenticidade e as remita ás presidencias das mesas parciais con anterioridade á data de votación.

## 2.- Reclamacións (art. 26.3 da Lei 9/1987 e arts. 14, 15 e 25 do RD 1846/1994)

As reclamacións que as persoas interesadas poidan interpoñer contra calquera acto da



mesa electoral coordinadora deberán presentarse ante esta dentro do día hábil seguinte ao acto que motiva a reclamación. A mesa resolveráas no día hábil posterior (se non fose resolta, considerarase desestimada), agás nas relativas a inclusións, exclusións ou correccións de censos, que deberán ser presentadas ata 24 horas despois do remate do prazo de exposición do censo, caso no que deberá resolver a mesa dentro das seguintes 24 horas. As mesas electorais adoptarán os seus acordos **por maioría de votos**.

Co fin de garantir o dereito ao exercicio destas ou outras reclamacións previstas no curso do procedemento electoral, cada mesa coordinadora deberá establecer un procedemento ou mecanismo que permita a súa recepción despois do horario ordinario de rexistro e o seu traslado, en prazo, á presidencia da mesa.

### 3.- Informe de incidencias

O órgano de xestión de persoal da área sanitaria confeccionará o 10 de maio de 2023, día inmediatamente anterior á data da votación, un informe de incidencias que contemple as variacións nominais nos censos en canto ás persoas electoras, que serán reflectidas nun anexo no que se incluírán as altas e baixas ocorridas desde a publicación das listas definitivas de persoas electoras e elixibles ata a devandita data.

O citado anexo remitirase á mesa coordinadora para a súa distribución ás mesas parciais. As variacións que se producen desde a elaboración do dito anexo ata o momento da votación acreditaranse mediante un certificado expedido polas unidades de persoal correspondentes, que deberá entregarse ao/á votante para que poida exercitar o seu dereito ao voto.

Os e as interventoras de cada mesa teñen que figurar nos censos desta, polo que cómpre verificar que fosen dadas de baixa nos censos de orixe, co obxecto de evitar a duplicidade.



## Cuarta.- Candidaturas

### 1.- Presentación (art. 26.4 da Lei 9/1987 e art. 16 do RD 1846/1994)

As candidaturas deberán presentarse ante a mesa electoral coordinadora durante os nove días hábiles seguintes á publicación do censo definitivo. Neste caso e segundo o calendario aprobado, o dito prazo abranguerá do 31 de marzo ao 14 de abril de 2023.

As candidaturas deberán presentarse segundo modelo normalizado ou ben unha fotocopia deste, logo do cal as candidaturas serán expostas no espazo dedicado a tal fin na Intranet das distintas áreas sanitarias, sen prexuízo da dispoñibilidade de copias en formato impreso no centro de referencia de cada unidade electoral. Igualmente, co fin de garantir o dereito á presentación de candidaturas, cada mesa coordinadora deberá establecer un procedemento ou mecanismo que permita a súa recepción despois do horario ordinario de rexistro e o seu traslado, en prazo, á presidencia da mesa.

A efectos de facilitar o procesamento da información relativa ás candidaturas por parte do persoal coordinador de cada área, requirirase así mesmo que os sindicatos, coalicións sindicais e agrupacións de electores/as que presenten candidaturas remitan por correo electrónico á xerencia de cada área unha folla de cálculo de cada candidatura presentada, na que figuren os mesmos datos que se reflicten no antedito modelo facilitar.

Ata a proclamación definitiva das persoas candidatas, a mesa poderá requirir a emenda dos defectos observados ou solicitar a ratificación daquelas, o que deberán efectuar as propias persoas interesadas.

As candidaturas presentadas por agrupacións de persoal funcionario deberán achegar os datos de identificación e as sinaturas que as avalen.



Nos dous días hábiles seguintes ao remate do dito prazo (neste caso, o martes 18 de abril de 2023) acordarase a proclamación provisional das candidaturas, que se publicará tamén no espazo dedicado a tal fin na Intranet das distintas áreas sanitarias, sen prexuízo da dispoñibilidade de copias en formato impreso no centro de referencia de cada unidade electoral. Contra o acordo de proclamación de candidaturas poderanse formular reclamacións dentro do día hábil seguinte (19 de abril) ante a propia mesa coordinadora, que as resolverá no primeiro día laborable posterior (20 de abril).

O 20 de abril de 2023, no que se formaliza a proclamación definitiva das candidaturas, a persoa coordinadora de cada unidade electoral, coa anuencia da presidencia da mesa coordinadora, remitirá por correo electrónico á empresa designada pola Administración os datos necesarios para a impresión das papeletas. Desta remisión dará conta á Subdirección Xeral de Políticas de Persoal.

Os logotipos, cos formatos de impresión recibidos de cada organización ou agrupación que presente candidatura, remitiranse de xeito unificado pola dita subdirección xeral á empresa encargada da imprenta. Da mesma maneira procederase cos datos para a distribución do material (papeletas e sobres), logo da súa confirmación ou actualización cos centros. Este parágrafo deberá poñerse en relación coa instrución Primeira (*Obxecto e ámbito de aplicación*), apartado 4 (*Modelos normalizados*) letra b) desta circular.

## **2.- Proclamación definitiva** (art. 26.4 da Lei 9/1987 e art.16.6 do RD 1846/1994)

O 20 de abril de 2023 ten lugar a proclamación definitiva das candidaturas. De tal xeito que unha vez formalizadas estas de xeito definitivo, a partir desa data e ata as 00:00 horas do día anterior ao sinalado para a votación (o 11 de maio) as entidades promotoras das eleccións, as que presenten candidaturas e as propias persoas candidatos poderán efectuar a propaganda electoral que consideren axeitada, sempre e cando non se altere a prestación normal do traballo.





Se calquera das persoas integrantes dunha mesa é proclamada candidata, cesará a súa participación nesta e será substituída polo/a suplente que corresponda.

Dada a brevidade dos prazos de cumprimento do calendario electoral, unha vez que se proclamen definitivamente as candidaturas, as persoas coordinadoras de unidade enviaranas á empresa designada, confirmando as enviadas inicialmente ou, de ser o caso, sinalando as correccións que proceda introducir para que se impriman as papeletas. Á súa vez, darán conta da dita xestión á Subdirección Xeral de Políticas de Persoal.

Cada candidatura para as eleccións á xunta de persoal poderá designar, na unidade electoral onde se presenta, un/ha interventor/a en cada unha das mesas electorais. Así mesmo, a Administración poderá designar un/ha representante que asista á votación e ao escrutinio, con voz pero sen voto.

**3.- Interventores/as e apoderados/as** (arts. 76 a 79 da Ley orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, LOREG no sucesivo)

### 3.1.- Interventores/as

Para ser designado interventor/a é requisito imprescindible ostentar a condición de elector/a e figurar inscrito/a no censo electoral.

A designación deberá efectuarse **ata tres días antes da data da votación**, coa expedición dunha credencial na que figurarán a data e sinatura ao pé do nomeamento.

As credenciais serán expedidas por cuadruplicado: un exemplar para a candidatura, outro para a persoa designada e os outros dous para a mesa electoral coordinadora. Esta remitirá un exemplar á mesa electoral á que estea asignado/a o/a interventor/a (na que deberá exercer o voto) e outro e á mesa na que aquel/a figure inscrito/a no censo, para excluílo/a da lista de persoas electoras desta última.



O envío da credencial á mesa coordinadora efectuarase ata o mesmo día terceiro anterior á data da elección, mentres que a remisión ás mesas parciais antes referidas deberá realizarse de xeito que estean no poder delas no momento da súa constitución o día da votación.

As persoas interventoras, que representan as candidaturas no exercicio das súas funcións, poderán asistir á mesa electoral ante a que estean acreditadas, participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto e exercer os dereitos previstos na lexislación electoral, en particular:

- Solicitar certificacións da acta de constitución da mesa o día da votación e recibir de xeito inmediato unha copia da acta de escrutinio, sen que as persoas integrantes das mesas electorais se poidan escusar da citada obriga (expedirase unha única copia).
- Formular as protestas e reclamacións que consideren oportunas e que estas se fagan constar na acta xeral da sesión de votación.

### 3.2.- Apoderados/as

As organizacións sindicais poderán outorgar un poder a prol de calquera persoa, maior de idade e que se atope no pleno uso dos seus dereitos civís e políticos, para que exerza a representación da candidatura nos actos e operacións electorais. O apoderamento formalizarase ante un/ha notario/a ou ante a presidencia da mesa coordinadora, coa expedición da correspondente credencial. As persoas apoderadas que terán as mesmas facultades que as interventores e para seren designadas como tal non será requisito posuír a condición de elector/a.

Cada organización ou coalición sindical poderá designar o seguinte número de persoas apoderadas:



- Nas unidades electorais con dúas ou máis mesas: tres apoderados/as por unidade electoral, agás nas unidades da Coruña, Santiago de Compostela e Ourense, que contarán cun/ha apoderado/a máis.
- Nas unidades cunha mesa electoral: un apoderado/a.

As persoas apoderadas teñen dereito a acceder libremente aos locais electorais, para o cal deberán identificarse ante as persoas integrantes das mesas coa súa credencial, xunto co seu Documento Nacional de Identidade (DNI, no sucesivo).

Este parágrafo deberá poñerse en relación coa instrución Primeira (*Obxecto e ámbito de aplicación*), apartado 4 (*Modelos normalizados*) letra b) desta circular.

#### 4.- Elaboración e distribución das papeletas e sobres

As papeletas e sobres de votación repartiranse de acordo cos seguintes criterios:

- Para distribuír entre as mesas: por cada candidatura repartirase un número de papeletas igual ao **número total de electores/as, incrementado nun 10%**. Así mesmo, disporase dun número total de sobres equivalente ao censo de electores da unidade, incrementado nun 10%.
- Para distribuír entre as candidaturas: entregarase a cada unha destas un número de papeletas e sobres equivalente ao **20% do censo de electores/as** da respectiva unidade.

Poderán engadirse nas papeletas os nomes das persoas candidatas polas que se lles coñeza habitualmente no ámbito de traballo, aínda que non sexa o que figure no DNI.

Este parágrafo deberá poñerse en relación coa instrución Primeira (*Obxecto e ámbito de aplicación*), apartado 4 (*Modelos normalizados*) letra b) desta circular.



**Quinta.- Campaña electoral. Permisos.** (art. 16.7 do RD 1846/1994 e art. 46 do TREBEP)

Antes do inicio da campaña fixado no calendario electoral (que comeza o 21 de abril de 2023) poderase realizar publicidade co único obxecto de promover a participación nas eleccións.

O cartel de promoción da participación das persoas electoras publicarase nun lugar visible da páxina web e da intranet do Servizo Galego de Saúde e poderá publicarse tamén nos taboleiros dos centros.

Autorizarase un permiso de xornada completa por cada candidatura definitivamente proclamada que o solicite para a realización da campaña electoral desde o día 21 de abril ata o 10 de maio de 2023 (data da xornada de reflexión). A persoa titular deste permiso deberá incorporarse ao posto de traballo o día inmediatamente seguinte ao seu remate (é dicir, o 11 de maio), agás que teña dereito a gozar doutro permiso regulamentario ligado ao proceso electoral.

As organizacións sindicais remitirán á Dirección Xeral de Recursos Humanos, a través da Subdirección Xeral de Políticas de Persoal, a relación dos permisos solicitados nun prazo que permita a súa comunicación aos centros afectados coa antelación suficiente (e, en todo caso, antes do 14 de abril de 2023), así como a comprobación do dereito e a autorización do seu goce. A campaña electoral levarase a efecto exclusivamente nas datas sinaladas no calendario.

Estarán lexitimadas para convocar reunións durante a campaña electoral non só as persoas físicas e xurídicas previstas no artigo 46 do TREBEP, regulador do dereito de reunión nos centros de traballo, senón tamén todas as candidaturas proclamadas.

Non se computará o número de horas utilizadas para a campaña electoral aos efectos do dito precepto.



**Sexta.- Exercicio do dereito ao voto** (art. 27 da Lei 9/1987 e arts. 17 e 19 do RD 1846/1994).

### **1.- Voto por correo** (art.19 do RD 1846/1994)

Cando algunha persoa electora prevea que o día das eleccións non se atopará no lugar onde lle corresponde votar poderá exercer o dereito ao voto por correo, logo da súa comunicación á mesa electoral.

Esa comunicación deberá efectuarse persoalmente ou por medio doutra persoa debidamente autorizada e que acredite a súa identidade e representación, a partir do día seguinte ao da convocatoria electoral e ata cinco días antes da data da votación a través das oficinas de Correos, nos termos establecidos no artigo 19 do citado regulamento, ou ben por comunicación directa á presidencia da mesa coordinadora correspondente.

### **2.- Locais de votación**

Os locais onde se constitúan as mesas para a votación deben contar cunha urna para cada unha das mesas, e cunha cabina ou espazo habilitado para preparar o voto de xeito confidencial.

Así mesmo, debe dispoñerse dun número suficiente de sobres e de papeletas de cada candidatura, situados no espazo habilitado para preparar o voto ou preto del.

No caso de que, á hora sinalada para a constitución das mesas ou en calquera momento posterior, faltase calquera destes elementos no local electoral, a presidencia da mesa respectiva comunicarao inmediatamente á presidencia da mesa coordinadora, que proverá a súa subministración. A Administración facilitará todos os medios necesarios para solucionar as ditas insuficiencias, de producirse.



Dentro do local electoral, a presidencia da mesa exerce a autoridade exclusiva para conservar a orde e asegurar a liberdade das persoas electoras e velará por que a entrada do local se manteña sempre libre e accesible para que poidan entrar neste as persoas que teñan tal dereito.

Terán dereito a acceder ao local habilitado para a votación as persoas a quen corresponda votar na mesa situada neste, os e as representantes das candidaturas e os e as súas candidatas, apoderados/as e interventores/as, así como os e as representantes da Administración.

Nin no local das eleccións nin nas súas inmediacións permitirase a realización de propaganda electoral de ningún xénero. A presidencia da mesa tomará a este respecto todas as medidas que estime adecuadas.

Consignarase na acta da sesión calquera incidencia que afectase á orde nos locais de votación, así como o nome e apelidos de quen a provocase.

### **3.- Constitución das mesas electorais na data da votación**

A presidencia, as dúas vogalías de cada mesa electoral e os e as súas respectivas suplentes reuniranse 30 minutos antes da hora de apertura do acto de votación no local correspondente.

Se o/as presidente/a non acudise será substituído/a pola persoa designada como a súa suplente. No caso da ausencia desta, substituiraa o/a vogal de maior idade ou ben o/a segundo vogal, por esta orde, que serán substituídos/as, á súa vez, polas persoas designadas como as súas respectivas suplentes.

Ademais do anteriormente previsto e co fin de garantir a constitución da mesa na data de votación, a presidencia da mesa coordinadora, de consideralo conveniente, poderá



convocar para o día da votación, coa debida antelación, a persoas integrantes das mesas e a dúas suplentes para cada un dos cargos, mediante unha comunicación certificada na que se advertirá das posibles consecuencias da non comparecencia.

A constitución da mesa electoral esixe a presenza da presidencia e dúas vogalías. Se non se puidese cumprirse este requisito, as persoas integrantes da mesa presentes e as suplentes que acudiran estenderán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, que remitirán inmediatamente por correo electrónico á presidencia da mesa electoral coordinadora.

Neste suposto, a mesa coordinadora designará libremente as persoas que haberán de constituír esa mesa electoral, podendo mesmo ordenar que forme parte delas algunha das persoas electores que se atope presente no local, agás os/as apoderados/as, interventores/as ou candidatos/as. A mesa coordinadora informará ao Ministerio Fiscal do sucedido para o esclarecemento da posible responsabilidade penal dos membros da mesa e suplentes que non compareceron.

Se, malia o establecido no parágrafo anterior, non se puidese constituír a mesa unha hora despois da fixada para o inicio da votación, as persoas integrantes da mesa e as suplentes presentes comunicarán esa circunstancia á presidencia da mesa coordinadora, que convocará para o día seguinte unha nova votación na mesa afectada. Nese caso, fixarase inmediatamente na porta do local electoral unha copia da convocatoria, e a mesa coordinadora procederá de oficio ao nomeamento das persoas integrantes da nova mesa.

Unha vez reunidas a presidencia e as vogalías recibirán as credenciais dos/as interventores/as que se presenten (un/ha como máximo por cada candidatura) e do/a representante da Administración, que asistirán á votación e ao escrutinio con voz pero sen voto.



A presidencia de cada mesa electoral terá que contar cunha copia do censo definitivo, xunto coa certificación de autenticidade estendida pola presidencia da mesa coordinadora, con anterioridade á data de votación.

No suposto de que se presente máis dun/ha interventor/a por cada candidatura, a presidencia só dará posesión ao/á que primeiro achegue as súas credenciais.

Á hora establecida para o inicio do acto de votación, a presidencia estenderá a acta de constitución da mesa, que asinarán as súas tres persoas integrantes, os/as interventores/as e o/a representante da Administración. De ser o caso, entregarase unha copia compulsada ou certificado da dita acta, asinada por todas as persoas integrantes, aos/ás interventores/as ou apoderados/as que o requiran, así como ao/á representante da Administración. A presidencia ten a obriga de dar un só certificado da acta de constitución da mesa a cada central sindical, coalición ou agrupación concorrente ás eleccións.

Así mesmo, expedirase unha única copia da acta de escrutinio por candidatura, que se entregará ás persoas representantes presentes da dita candidatura que o soliciten ou, de ser o caso, aos/ás interventores/as, apoderados/as ou candidatos/as.

A mesa deberá contar coa presenza en todo momento de, cando menos, dúas das súas persoas integrantes.

#### **4.- Horarios de apertura das mesas electorais**

Son os indicados no calendario electoral proposto polas organizacións sindicais promotoras das eleccións e ratificado pola Administración, isto é, de 8:00 a 23:00 horas.

Non obstante, as mesas coordinadoras, por solicitude motivada das mesas parciais, poderán flexibilizar o horario de peche da votación nos centros de atención primaria,





dadas as súas especiais características. A dita flexibilidade non afectará á apertura das urnas e ao escrutinio de votos, que realizarán simultaneamente todas as mesas electorais. En todo caso, as mesas en cuestión non deberán pechar antes das 18:00 horas.

As persoas electoras deberán coñecer con antelación suficiente o horario no que permaneza aberta a mesa electoral onde teñan que exercer o seu dereito de voto.

Coa finalidade de garantir a boa marcha da asistencia sanitaria o día da votación, os e as responsables de persoal das áreas sanitarias facilitarán os axustes necesarios para conxugar o exercicio de voto coa axeitada prestación do servizo.

## **5.- O acto de votar** (arts. 86 e concordantes da LOREG)

Tras estender a acta de constitución da mesa, iniciarase a votación á hora prevista, que continuará ininterrompidamente ata a hora do peche. A presidencia anunciará o seu comezo coas palabras: *“empeza a votación”*.

A votación poderá non iniciarse ou suspenderse, unha vez comezada, tan só por causas de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da presidencia da mesa, que resolverá o asunto mediante un escrito razoado. Do dito escrito entregará unha copia na man á presidencia da mesa coordinadora, para que esta verifique a certeza e suficiencia dos motivos e declare ou esixa as responsabilidades que resulten.

A presidencia deberá interromper a votación cando advirta a ausencia de papeletas dalgunha candidatura e non poida suplila mediante papeletas subministradas polos/as interventores/as ou apoderados/as das correspondentes candidaturas. Nese caso, dará conta da decisión de suspender o acto á presidencia da mesa coordinadora para que provea a subministración. Esta interrupción non poderá durar máis dunha hora e a votación prorrogarase tanto tempo como teña sido interrompida.



O voto será libre, secreto, persoal e directo e o sobre de votación depositarase na urna precintada habilitada para tal fin. Cada persoa electora poderá dar o seu voto a unha soa das listas proclamadas.

O dereito a votar acreditarase pola inclusión no censo definitivo e pola identificación da persoa electora, mediante a exhibición do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir nos que apareza a fotografía da titular.

A tal efecto, os/as representantes da Administración facilitarán coa debida antelación ás mesas coordinadoras o número necesario de copias do censo, para que a presidencia expida a certificación da súa autenticidade e as distribúa entregándoas ás presidencias das mesas parciais con anterioridade á data de votación.

Dos ditos censo certificados faranse as suficientes copias, coa finalidade de distribuílas entre os/as interventores/as e representantes da Administración.

As persoas electoras só poderán votar na mesa electoral que lles corresponda, agás que sexan asemade interventores/as, apoderados/as ou representantes da Administración, que exercerán o seu dereito de sufraxio na mesa na que estean acreditados.

As organizacións sindicais achegarán a relación dos e das súas interventoras e apoderadas para que sexan incluídos no censo da devandita mesa.

A Dirección de Recursos Humanos da área sanitaria, de ser o caso, comunicará á mesa coordinadora os nomes dos/as representantes da Administración para que o comuniquen á mesa parcial que teñan asignada, onde deben exercer o voto, e á mesa onde figuren inscritos/as no censo, para excluílos/as da lista de electores/as desta última.

A dita comunicación á mesa coordinadora efectuarase ata o mesmo día terceiro anterior á data da elección, e a remisión ás mesas referidas no parágrafo anterior deberá



realizarse de xeito que estean no seu poder no momento de se constituíren o día da votación.

Deberán terse en conta as actualizacións de censos ata o día anterior á data da votación. O órgano responsable de persoal entregará estas á persoa coordinadora correspondente quen, á súa vez, daralles traslado ás mesas electorais.

Unha vez identificada a persoa electora e comprobado que está incluída no censo, esta depositará o sobre de votación pechado na urna.

As vogalías anotarán na súa listaxe os e as votantes pola orde na que emitan o seu voto. Toda persoa electora ten dereito a examinar se o seu voto se anotou correctamente.

Á hora prevista para o peche da xornada de votación, a presidencia anunciará en voz alta que vai concluír a votación. Se algunha das persoas electores presentes no local ou nos seus accesos non votou aínda, a presidencia permitirá que o faga e non permitirá que vote ninguén máis.

A continuación, a presidencia procederá a introducir na urna os sobres que conteñan as papeletas de voto remitidas por correo, logo de verificar a identificación destas persoas electores/as pola copia do DNI que remitirán xunto co sobre de votación e que figuran inscritos/as no censo. De seguido, as vogalías anotarán os seus nomes na lista da votación.

Logo diso votarán interventores/as, apoderados/as (de ser o caso) e representantes da Administración e, por último, farano as persoas integrantes da mesa electoral.

Finalmente, os e as vogais e interventoras asinarán as listaxes de votación á marxe de todos os pregos e inmediatamente debaixo do último nome da última páxina.



Co obxecto de facilitar a participación no proceso, regularanse os permisos para candidatos/as, integrantes das mesas electorais, representantes da Administración nelas, interventores/as, apoderados/as e electores/as en xeral mediante unha resolución deste órgano directivo que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

## 6.- Permisos pola participación en xuntanzas do proceso electoral

As persoas integrantes das mesas electorais coordinadoras e parciais, tanto titulares como suplentes, e os e as representantes da Administración (coordinadores/as) gozarán dos permisos retribuídos polo tempo indispensable para asistir ás xuntanzas da mesa electoral. Tamén gozarán dos permisos inherentes aos desprazamentos que, de ser o caso, poida implicar o proceso (como comparecencias ante a oficina pública de rexistro, procedementos arbitraris ou similares), incluíndo o aboamento das indemnizacións por razón do servizo que procedan segundo o Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

**Sétima.- Reconto de votos e atribución de resultados** (art. 27 da Lei 9/1987 e arts. 20 e 21 do RD 1846/1994)

### 1.- Realización do escrutinio de votos

Cando existan diversas mesas electorais, inmediatamente despois da votación cada unha delas realizará publicamente o reconto dos votos emitidos, mediante a lectura en voz alta e de xeito ininterrompido das papeletas. Corresponde á presidencia da mesa adoptar as medidas que, de ser preciso, resulten necesarias para manter a orde.

O acto de escrutinio comezará coa apertura das urnas por parte da presidencia, quen extraerá as papeletas dunha en unha lendo en voz alta as candidaturas ás que se atribúen os votos ou, de ser o caso, manifestando “*voto en branco*” ou “*voto nulo*” segundo a súa opinión, que poderá ser contrastada coa das outras persoas integrantes da mesa electoral e incluso sometida á votación destas, de considerarse oportuno.



Terán a consideración de votos en branco e nulos os que incorran nos supostos que enumera o artigo 21 do RD 1846/1994. Téñase en conta a obriga de custodiar os votos nulos, pois estes deberán ser remitidos á oficina de rexistro ao remate do proceso, tal como se indica na instrución oitava desta circular.

Simultaneamente á lectura das papeletas, outra das persoas integrantes da mesa irá anotando mediante un sistema claro e fiable os resultados obtidos por cada candidatura, así como os votos en branco ou nulos. Neste último caso, non se efectuará a anotación correspondente ata que a cualificación do voto sexa definitiva.

## 2.- Cobertura das actas parciais de escrutinio

Inmediatamente despois do recuento de votos, cada mesa levantará a acta do escrutinio dos resultados electorais do seu ámbito, segundo modelo normalizado.

Na dita acta constará, ademais da composición da mesa, o número de votantes, os votos obtidos por cada listaxe ou candidatura, así como, de ser o caso, os votos nulos e demais incidencias habidas.

No apartado "*Candidaturas*" do citado modelo faranse constar os nomes e apelidos de todas as persoas candidatas de cada lista, utilizando tantos exemplares desa páxina como sexan necesarios para a constancia de todas as candidaturas presentadas.

No suposto excepcional de que o recadro de "*Votos obtidos por cada lista*" fose insuficiente para conter todas as presentadas, reflectiranse tantas listaxes como caiban no modelo oficial correspondente e, ao remate do dito recadro, farase constar a expresión "*parte 1ª*", e nunha folla aparte consignarase o resto das listaxes das candidaturas que obtiveron votos, co encabezamento "*Continuación da lista*".



A devandita acta será asinada pola presidencia, a vogalía que non ostente o cargo de secretaria, os/as interventores/as e o/a representante da Administración, de ser o caso. A vogalía que exerza as funcións de secretaria dará fe de todo o consignado e estampará a súa sinatura aos tales efectos.

As mesas electorais parciais deberán remitir inmediatamente as respectivas actas de escrutinio á mesa coordinadora, para que esta refunda os resultados parciais cos seus propios e dispoña dos datos necesarios para expedir a acta global de escrutinio de toda a unidade electoral.

Malia que o artigo 20 do RD 1846/1994 establece un prazo de tres días hábiles para ese trámite, tendo en conta a transcendencia do proceso electoral en curso, así como razóns de prudencia e criterios de celeridade, establécese con carácter xeral a conveniencia de concluir o proceso o mesmo día da votación, tramitando as mesas coordinadoras as actas globais de escrutinio logo da atribución dos postos que se deben cubrir.

### **3.- Elaboración da acta global de escrutinio, coa atribución dos postos que proceda cubrir**

A mesa electoral coordinadora, coa presenza das presidencias ou demais persoas integrantes nas que deleguen as mesas parciais, realizará o escrutinio global e atribuirá os resultados ás candidaturas que corresponda, levantando a acta global de escrutinio segundo o modelo normalizado. Nesta faranse constar os datos expresados con respecto ao escrutinio parcial e será asinada polas persoas integrantes da propia mesa coordinadora, os/as interventores/as e o/a representante da Administración, de ser o caso. De todo isto a secretaria dará fe coa súa sinatura.

Só terán dereito á atribución de representantes aquelas listaxes que obteñan, como mínimo, o 5 % dos votos válidos da súa unidade electoral, é dicir, excluídos unicamente os votos nulos.



Mediante o sistema de representación proporcional atribuirase a cada listaxe o número de postos que lle corresponda, de conformidade co cociente que resulte de dividir o número total de votos asignados a todas as candidaturas que cumpran o requisito sinalado no parágrafo anterior entre o número de postos a cubrir. Os postos sobrantes, de ser caso, atribuiranse ás listas, en orden decrecente, segundo o resto de cada unha delas.

Dentro de cada listaxe elixiranse as persoas candidatas pola orde na que figuren na candidatura. No caso de empate de votos ou de empate de enteiros ou de restos para a atribución do último posto por cubrir, resultará elixido, entre as persoas candidatas que se disputan o posto, aquela con maior antigüidade recoñecida.

Logo da determinación do número de persoas elixidas por cada unha das candidaturas e a consignación dese dato na columna “*Elixidos*” do recadro correspondente, cubrirase o apartado relativo aos “*Representantes elixidos*” do modelo normalizado.

A presidencia da mesa xeral coordinadora, a petición dos/as interventores/as acreditados/as nesta, estenderá un certificado no que figure a data da votación e os resultados producidos, segundo o modelo correspondente.

En resumo:

1º.- Haberá que excluír para o reparto de postos aquelas candidaturas que non obtivesen o 5 % dos “*Votos válidos*”, tendo en conta que estes son o resultado de sumar os votos “*Asignados a candidaturas*” e os votos “*En branco*”. A estes efectos, consideraranse votos asignados (papeletas depositadas ou votos a listas) aqueles que foron outorgados a prol dun sindicato, coalición ou grupo de electores/as e plenamente computables para atribuír resultados ás candidaturas respectivas ao careceren de calquera tipo de erros (é dicir, votos non nulos).



2º.- Repartiranse os postos que deban cubrirse entre as candidaturas non excluídas segundo a regra anterior, para o que se terán en conta só os votos asignados ás anteditas candidaturas. O reparto farase entre as diversas candidaturas en estrita proporcionalidade aos votos obtidos por cada unha delas.

Achégase un exemplo do sistema de reconto de votos para o suposto dunha unidade electoral que deba elixir unha xunta de persoal de 24 membros, e na que presenten cadansúa candidatura tres listas de centrais sindicais (A, B e C), na que obteñan o resultado seguinte:

A: 100 votos.

B: 200 votos.

C: 3 votos.

Unha vez calculada a porcentaxe de votos acadado por cada sindicato en relación co número de votos válidos, desbótanse os sindicatos que acaden unha porcentaxe menor do 5%. Procedendo ao reparto, no suposto do exemplo, entre as centrais A e B.

Divídese o número total de votos asignado a cada un dos sindicatos con representación maior ao 5% ( $100 + 200 = 300$ ) entre o número de representantes que se van elixir (24), para así obter o número de votos necesario para acadar un representante ( $300 \div 24 = 12,5$ ).

Repártense os postos a cubrir entre as dúas centrais en estrita proporcionalidade:

A:  $100 \div 12,5 = 8$

B:  $200 \div 12,5 = 16$

Neste caso, o reparto proporcional coincide co número de representantes que se van elixir; pero pode ser que non coincida, producíndose algunha diferenza polos decimais





que resulten do cociente anterior. Podería acontecer, por exemplo, que noutra mesa electoral o reparto proporcional de candidatos resultase o seguinte:

- Sindicato A:  $32 \div 15,20 = 2,105$ .
- Sindicato B:  $26 \div 15,20 = 1,710$ .
- Sindicato C:  $18 \div 15,20 = 1,184$ .

Atribuirase, en principio, a cada sindicato o número de representantes que lles corresponde, segundo os enteiros, é dicir:

- Sindicato A: 2 representantes.
- Sindicato B: 1 representante.
- Sindicato C: 1 representante.

Asignarase, a continuación, o posto ou postos restantes segundo a orde decrecente dos restos. Polo que o dito posto sobrante sería atribuído ao Sindicato B, dado que o seu resto (0,710) é o maior.

Candidatura	Por enteiros	Por restos	Número de representantes
A	2	-	2
B	1	1	2
C	1	-	1
Totais:	4	1	5

**Oitava.- Publicación dos resultados das eleccións** (art. 27 da Lei 9/1987 e art. 22 do RD 1846/1994)

O resultado da votación publicarase nos taboleiros de anuncios de todos os centros de traballo da unidade electoral dentro das 24 horas do día seguinte ao da votación.

A mesa electoral coordinadora, no prazo dos tres días hábiles seguintes ao do escrutinio



dos resultados, remitirá cadansúa copia da acta global de escrutinio aos seguintes lugares/destinos:

- A cada un dos centros de traballo da unidade electoral correspondente, aos efectos da súa exposición nos seus taboleiros de anuncios.
- Á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, a través do/a representante da Administración
- Aos sindicatos ou coalicións que presentasen candidaturas.
- Aos/ás representantes electos/as.
- Á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, a través do/a representante da Administración.

Así mesmo e dentro dese prazo, a mesa electoral coordinadora presentará o orixinal da acta global de escrutinio, na que conste este xunto coa seguinte documentación, para o que será preciso realizar os trámites sucesivos que de seguindo se indican:

1º.- A presidencia da mesa electoral coordinadora cubrirá o modelo oficial, relativo á *“Remisión da acta global de escrutinio”*, dirixido á Oficina Pública de Rexistro correspondente.

2º.- A presidencia da mesa electoral coordinadora, ou vogal en quen delegue, presentarse na dita oficina pública para entregar a seguinte documentación:

- O escrito de remisión da acta global de escrutinio, cuberto segundo modelo oficial.
- A acta global de escrutinio, tamén segundo modelo oficial.
- As papeletas dos votos nulos e dos impugnados polos/as interventores/as.
- As actas de constitución de todas as mesas da unidade electoral (tanto a coordinadora como as parciais), tamén segundo modelo oficial.



Á súa vez e no día hábil seguinte á recepción desa documentación, a dita oficina realizará os trámites que lle corresponden de acordo coa normativa vixente. En particular:

- Publicará nos seus taboleiros de anuncios unha copia da acta global de escrutinio, indicando a data na que finaliza o prazo para impugnala.
- Manterá o depósito das papeletas ata o fin dos prazos de impugnación.
- Unha vez transcorridos dez días hábiles desde a citada publicación, inscribirá as actas electorais no rexistro establecido ao efecto, poñendo fin deste xeito ao procedemento electoral.

Santiago de Compostela, asinado electronicamente

A directora xeral de Recursos Humanos

Ana María Comesaña Álvarez

## DIRECCIÓNS DE RECURSOS HUMANOS DAS ÁREAS SANITARIAS

### Directores/as de recursos humanos e coordinadores/as do proceso electoral

Documento asinado dixitalmente por:  
Ana María Comesaña Álvarez (27/02/2023 12:34)  
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-Y4G4-BOAH-OF4O-TPCS-B9C2-3K7Q-2167-7497-6466-17>

